

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A ASOCIACION DE COMERCIANTES DE A ESTRADA E ARCADIA

En A Estrada a 1 de febreiro de 2018

Reunidos, dunha parte D. Alfredo González Otero con D.N.I. 76824948-A, como Presidente da Asociación de Comerciantes de A Estrada (ACOE) con C.I.F. G-36310076, sita na Rúa Ulla Nº10 baixo. Doutra parte Diana Vázquez Valcárcel con D.N.I 44088756-X como arquitecta do estudio Arcadia , sito na Avda. Benito Vigo Nº37, baixo.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para levar a cabo o presente convenio.

Arcadia chegou a un acordo de colaboración coa Asociación de comerciantes de A Estrada coas seguintes cláusulas:

Primeira.- O estudio de arquitectura Arcadia realizará, para aqueles comercios interesados pertencentes a ACOE, un estudio dos seus locais, analizando aspectos como a visibilidade do establecemento, a distribución e zonificación, a iluminación, as circulacións, a exposición do produto de venda, etc. para ver en que puntos se podería incidir para facer máis atractiva a experiencia do usuario. Para elo desenrolarán una visita a tódolos interesados na que manterán una charla informativa co propietario para a posta en común daqueles aspectos que se poderían mellorar no local.

As visitas concertaranse previamente coa ACOE. A duración aproximada destas estimase nunha hora, si ben este tempo pode variar significativa mente en función da complexidade do establecemento e a actividade. Os honorarios de cada visita terán un prezo de 40,00 € (IVE incluído), dos que se fará cargo a Asociación, sen coste para os asociados.

Así mesmo, Arcadia ofrece os asociados descontos nos seus honorarios de todos aqueles servizos que lles poidan interesar: proxectos de edificación, proxectos de reforma, proxectos de acondicionamento, proxectos de actividade, proxectos de interiorísimo e deseño, deseño de mobiliario e elementos singulares, levantamento de planos, asesoramento sobre a normativa técnica de aplicación, etc. así como unha primeira consulta totalmente gratuíta.

Segunda.- O prazo do presente contrato acordase e pactase por un tempo dun **ANO**, a partir da data da firma do contrato. Si chegada a data do vencemento do contrato, unha vez transcorrido o ano pactado, ningunha das partes notifica a outra, a lo menos cun mes de antelación a aquel termino, a súa vontade de no renovo, o contrato prorrogarase obrigatoriamente por iguais períodos anuais.

Terceira.- De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos, Arcadia e a Asociación de comerciantes de A Estrada informan que os datos persoais facilitados a través do contrato establecido entre ambas, serán incorporados nun arquivo de clientes e tratados de maneira automatizada. A finalidade do citado arquivo é servir como soporte de información aos servicios comerciais nos que traballan ambas empresas.

Este contrato ten carácter mercantil e rexérase polas súas propias cláusulas, ou no que nelas non estivera contemplado, polo previsto nas disposicións españolas contidas no código de comercio, les especiais e usos mercantís.

Asdo. Asociación de Comerciantes da Estrada
D. Alfredo González Otero

Asdo. Estudio Arcadia
D. Diana Vázquez Valcárcel